

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de novembro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas do día dez de novembro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1574).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1575).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN GOLPE DE PEDAL DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA DENOMINADA “BICICLETADA” O 12 DE NOVEMBRO DE 2006. EXPTE. 6454/333.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.11.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á asociación A Golpe de Pedal, a desenvolver o vindeiro día 12 de novembro de 2006, a proba deportiva denominada “Bicicletada”, por diferentes rúas da cidade, a partir das 11.00 horas.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás doce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,